



BASES XERAIS E ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DUN/DUNHA TRABALLADOR/A DESEMPREGADO/A PARA A REALIZACIÓN DA OBRA/SERVIZO “ANIMADOR/A TURÍSTICO PARA A OFICINA DE TURISMO DE CELANOVA”, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

A) BASES XERAIS.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1. É obxecto da presente convocatoria a contratación laboral temporal a tempo completo dun/dunha traballador/a desempregado/a para a realización da obra/servizo “ANIMADOR/A TURÍSTICO PARA A OFICINA DE TURISMO DE CELANOVA”, cunha duración ata o 30 de setembro de 2015, ó abeiro da Resolución do 18 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

2.- A contratación laboral temporal a tempo completo para obra ou servizo determinado, en xornada de oito (8.-) horas diarias, coa categoría profesional de animador/a e turístico, cunha duración ata o 30 de setembro de 2014 e unha retribución de MIL DOUSCENTOS SENTENTA E SEIS EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (1.276,79 €) MENSUAIS BRUTOS, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias, suxeitarase ó previsto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións de aplicación.

SEGUNDA.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

1.- Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, ademais dos que se establezan nas respectivas bases específicas para o ingreso no posto de traballo convocado:

a) Ter nacionalidade española. Nembargante, teranse en conta os seguintes supostos:

1. A poboación nacional dos demais Estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e ós demais sectores da función pública ós que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores/as.
2. A poboación nacional de aqueles Estados ós que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadores/as nos termos en que esta estea definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.



c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado o inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Posuír a titulación esixida (ver base específica segunda). Enténdese que se está en posesión da titulación esixida cando se tiveran aboado os dereitos correspondentes para a súa expedición.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá acreditarse que se está en posesión da correspondente homologación expedida polas autoridades educativas pertinentes. A posesión da titulación acreditarase coa presentación do título expedido ou do xustificante de ter pagado as taxas correspondentes para a súa expedición para o caso de non se ter esta realizada no momento da presentación da solicitude.

f) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.

2.- Os anteriores requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de obra ou servizo determinado (interese social).

TERCEIRA.- PRESENTACIÓN DE OFERTA DE EMPREGO.

O Concello de Celanova solicitará o/a traballador/a que se necesita mediante a presentación de oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de Celanova, no modelo normalizado para o efecto.

A selección levarase a cabo no lugar, día e hora que se especifique mediante anuncio que se insertará no taboleiro de edictos do concello cunha antelación de dous días hábiles, unha vez se reciba a contestación á oferta pública de emprego enviada á Oficina Pública de Emprego de Celanova, e terá lugar unicamente entre os/as candidatos/as propostos por esta, que en ningún caso poderán ser inferior a dúas persoas. A remisión de novos candidatos só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos.

O día da selección os candidatos comparecerán co DNI/Tarxeta de residencia, título académico requirido nas bases específicas e a documentación acreditativa dos méritos que reúnan.

CUARTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador estará constituído da seguinte forma:

Concello de Celanova

Plaza Mayor, 1, Celanova. 32800 Ourense. Tfno. 988431481. Fax: 988451623



- Presidente: o xestor cultural do Concello de Celanova.
- Vogais: tres funcionarios ou persoal laboral do concello ou doutros concellos.
- Secretario: o da corporación ou funcionario en quen delegue, con voz pero sen voto.

Seralle de aplicación ós tribunais o previsto nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 14 de xaneiro, en canto á abstención e á recusación.

QUINTA.- CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS.

O procedemento de selección será o concurso-oposición. En fase de oposición, consistirá nunha proba práctica, segundo a natureza e funcións do posto de traballo que se vai a desenvolver de acordo coas bases específicas. Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polos aspirantes. A proba práctica que deberán realizar os aspirantes no proceso selectivo e os méritos a ter en conta, de ser o caso, na fase de concurso determínanse e descríbense nas bases específicas.

SEXTA.- RELACIÓN DE APROBADOS.

A puntuación final do proceso será a suma da puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición.

Rematada a cualificación, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do concello as puntuacións obtidas polos/as aspirantes e a proposta á Alcaldía da contratación daquel/a que obtivera a máxima puntuación.

SÉTIMA.- INCIDENCIAS.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso-oposición en todo o non previsto nas bases.

B) BASES ESPECÍFICAS.

UN/UNHA (1.-) TRABALLADOR/A A TEMPO COMPLETO PARA A OCUPACIÓN DE ANIMADOR/A TURÍSTICO PARA A REALIZACIÓN DA OBRA/SERVIZO "ANIMADOR/A TURÍSTICO PARA A OFICINA DE TURISMO DE CELANOVA".

PRIMEIRA.- NÚMERO DE TRABALLADORES A CONTRATAR, CARACTERIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO E COMETIDOS.

1.- NÚMERO DE TRABALLADORES/AS A CONTRATAR: UN/UNHA (1.-).

2.- CARACTERIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO

TIPO DE CONTRATO	OCUPACIÓN	RETRIBUCIÓN SALARIAIS MENSUAIS (incluída a parte proporcional)	TIPO DE XORNADA	DURACIÓN DO CONTRATO
------------------	-----------	--	-----------------	----------------------

Concello de Celanova

Plaza Mayor, 1, Celanova. 32800 Ourense. Tfno. 988431481. Fax: 988451623



		das pagas extraordinarias)		
Obra ou servizo (Interese Social)	Animador/a turístico	1.276,79 €	Xornada completa	Ata o 30 de setembro de 2015

3.- COMETIDOS: son cometidos a realizar polo/a traballador/a o desenvolvemento das funcións propias dun/dunha animador/a turístico.

SEGUNDA.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

Ademais das condicións xerais sinaladas na base segunda das bases xerais os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Técnico Superior en Información e Comercialización Turística ou Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia Turística; Técnico en Empresas e Actividades Turísticas, ou grado ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse no seu día certificado para o efecto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

TERCEIRA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

Establécese como sistema de selección o concurso-oposición.

CUARTA.- DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO-OPOSICIÓN: MÉRITOS PARA ALEGAR NA FASE DE CONCURSO E EXERCICIOS DA FASE DE OPOSICIÓN.

O tribunal seleccionará ós/ás aspirantes propostos pola Oficina Pública de Emprego de Celanova en contestación á oferta de emprego presentada con suxeición ás seguintes bases específicas:

FASE DE CONCURSO.

A esta fase correspóndelle unha puntuación máxima de 8 puntos, non sendo eliminatoria. Só se valorarán os méritos correctamente aportados o día da selección sen que poida ser obxecto de emenda ou subsanación a documentación presentada.

A) Servizos prestados:

A puntuación máxima por este apartado será de 3,50 puntos.

- Por servizos prestados en posto de animador/a turístico, en calidade de persoal funcionario ou persoal laboral, a tempo completo, en oficinas de turismo dependentes de corporacións locais: 0,25 punto por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 3,50 puntos, rexeitándose fraccións ou meses incompletos.
- Por servizos prestados en posto de director/a ou docente, en calidade de persoal funcionario ou persoal laboral, a tempo completo, en obradoiros de emprego dependentes de corporacións locais relativos a xestión turística: 0,25



puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 3,5 puntos, rexeitándose fraccións ou meses incompletos.

- Por servizos prestados en calidade de alumno/a en obradoiros de emprego dependentes de corporacións locais relativos a xestión turística: 0,20 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 3,5 puntos, rexeitándose fraccións ou meses incompletos.

A acreditación destes servizos realizarase mediante certificación expedida polo órgano competente das entidades locais nas que foron prestados os servizos, con indicación expresa do período de tempo en que os aspirantes que participan no concurso-oposición prestaron servizos para a mesma nos postos de animador/a turístico ou de director/a ou docente ou como alumno/a en obradoiros de emprego relativos a xestión turística no seu ámbito municipal.

B) Formación académica e cursos de formación e perfeccionamento:

A puntuación máxima por este apartado será de 3,50 puntos.

Valoraranse as titulacións académicas e os cursos impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, Escola Galega de Administración Pública, administracións públicas, escolas públicas oficiais de funcionarios/as, universidades e entidades que impartan actividades formativas con cargo a fondos de formación para o emprego.

Non se valorarán os diplomas relativos á realización de congresos, conferencias, seminarios, xornadas, simposios, encontros ou semellantes, nin aqueles cursos realizados con máis de 15 anos de antelación á data publicación da convocatoria do concurso-oposición, a excepción dos cursos de iniciación e perfeccionamento do idioma galego ós que non se lle aplicará a presente limitación temporal pola súa equivalencia co CELGA.

Materias sobre as que deberán versar os títulos académicos e os cursos e puntuación máxima en relación a cada unha de delas:

- a) Titulacións (máximo 2,00 puntos):
 - Por estar en posesión do título de Graduado en Turismo: 2,00 puntos.
 - Por estar en posesión do título de grado, diplomado ou licenciado en historia: 1,50 puntos.
 - Por estar en posesión do título de técnico superior en guía, información e Asistencia Turística: 1,00 punto.
- b) Cursos (máximo 1,50 puntos) en materia de guía, información, asistencia e animación turística (máximo 1,50 puntos):
 - Por cada curso de 10 horas e ata 30 horas: 0,10 puntos.
 - Por cada curso de 31 horas e ata 50 horas: 0,40 puntos.
 - Por cada curso de 51 horas e ata 100 horas: 1,00 punto.
 - Por cada curso de máis de 101 horas: 1,50 puntos.

A acreditación destes méritos realizarase mediante orixinal ou fotocopia compulsada do título, diploma ou certificado suficiente expedido polas institucións ou organismos que organizaron os cursos.



C) Coñecemento do inglés:

A puntuación máxima por este apartado será de 1,00 punto.

- Por estar en posesión do certificado das ensinanzas do nivel básico do idioma inglés: 0,25 puntos.
- Por estar en posesión do certificado das ensinanzas do nivel intermedio do idioma inglés: 0,75 puntos.
- Por estar en posesión do certificado das ensinanzas do nivel avanzado do idioma inglés: 1,00 punto.

No caso de que se posúan os certificados de nivel básico e intermedio , só se valorará o de nivel intermedio. Así mesmo, no caso de que a persoa candidata posúa os certificados de nivel intermedio e avanzado, só se valorará o de nivel avanzado.

A acreditación destes méritos realizarase mediante orixinal ou fotocopia compulsada do certificado acreditativo expedido polas Administracións educativas.

FASE DE OPOSICIÓN

A esta fase correspóndelle unha puntuación máxima de 12 puntos.

A oposición constará dunha proba práctica, de carácter obrigatoria e eliminatoria, consistente en realizar, no tempo que indique o Tribunal cualificador, unha visita guiada ós elementos patrimoniais turísticos do Concello de Celanova que, así mesmo, sinala o Tribunal cualificador. Valorarase a claridade de exposición, o nivel de coñecementos do patrimonio cultural e a súa historia e a didáctica do aspirante.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 12 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 6 puntos para superalo.

O alcalde
José Luis Ferro Iglesias
(Asinado electronicamente á marxe)